

# SUBSIDIO EXTRAORDINARIO COVID-19 FINALIZACIÓN CONTRATO TEMPORAL MEDIDAS DURANTE A CRISE SANITARIA DO COVID-19

## PRAZOS

- **Solicitud:** desde o 5 de maio ata 1 mes despois do fin do estado de alarma
- **Cobranza:** a partir do mes seguinte da solicitude

## PERSOAS BENEFICIARIAS

- Os traballadores que se lles extinguiu un contrato de duración determinada, de polo menos 2 meses de duración, con posterioridade ao 14 de marzo e non contasen coa cotización necesaria para acceder a outra prestación ou subsidio.
- Extinción dun contrato de duración determinada, incluídos os contratos de interinidade, formativos e de substitución.

## INCOMPATIBILIDADE

- Incompatible coa percepción de calquera renda mínima, renda de inclusión, salario social ou axudas análogas concedidas por calquera Administración Pública. Non estar a traballar por conta propia ou allea a xornada completa na data da extinción do contrato nin na data do nacemento do subsidio excepcional.

## CANTIDADE E DURACIÓN

- O subsidio excepcional consistirá nunha axuda mensual do 80 por cento do IPREM – 440 euros -
- A duración deste subsidio excepcional será dun mes, ampliable se así se determina por Real Decreto-lei.



**máis info na nosa web [www.ugtgalicia.org](http://www.ugtgalicia.org)**

# SUBSIDIO EXTRAORDINARIO COVID-19 EMPREGADAS DO FOGAR MEDIDAS DURANTE A CRISE SANITARIA DO COVID-19

## PRAZOS

- Solicitude: desde o 5 de maio ata 1 mes despois do fin do estado de alarma
- Duración: desde a data do feito causante ata 1 mes despois do fin do estado de alarma
- Cobranza: os día 10 de cada mes

## SITUACIÓNS PROTEXIDAS: DESDE O 15 DE MARZO E DURANTE O ESTADO DE ALARMA

- Deixasen de prestar servizos, total ou parcialmente, con carácter temoral
- Extinguiuse o seu contrato pola causa de despedimento ou desestimio da persoa empregadora

## CONTÍA DO SUBSIDIO

- 70% da Base Reguladora, e non poderá ser superior ao SMI excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias (950 euros).
- A Base Reguladora estará constituída pola base de cotización da persoa empeada de fogar correspondente ao mes anterior dividida entre 30.
- Cando fosen varios os traballos desempeñados, a contía total do subsidio será a suma das cantidades obtidas aplicando ás distintas Bases Reguladoras correspondentes a cada un dos distintos traballos a porcentaxe do 70%.

## COMPATIBILIDADE DO SUBSIDIO EXTRAORDINARIO

- Compatible cos ingresos derivados de traballos por conta propia ou allea, sempre que a suma dos ingresos do subsidio e o resto de actividades non sexa superior ao SMI (950 euros).

**máis info na nosa web [www.ugtgalicia.org](http://www.ugtgalicia.org)**

